



Suxestión ao Concello de Lugo sobre medidas de vigilancia y control, no entorno do Hospital.

Expediente: V.4.Q/5384/20

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

Sra. Alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] referente a falta de seguridade a entrada e saída do centro de traballo.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, ponnos de manifesto a problemática xerada polos “gorrillas” que operan nas inmediacións do Hospital de Lugo.

No seu escrito pon de manifesto dita problemática que se manifesta en comportamentos tales como:

“Estas persoas bótanse á estrada ás 8:00, de noite no inverno, tentando conseguir "clientes" para o aparcamento público do concello sito en fronte do hospital. Como levan roupa escura e bótanse de súpeto, non os vemos cando chegamos cos nosos coches, polo que constitúen un perigo para a seguridade viaria da zona.

Ademais, ao aparcarse perséguenos, péganosen a menos de 5 cms, acósannos e intimidánnos pedíndonos diñeiro por aparcarse. Se non lle damos nada mesmo nos ameazan ou insultan, tendo que botar a correr polo aparcamento público ata meternos dentro do hospital, incluso a xente maior que pode tropezar e caer.

Ata se teñen visto entrar na cafetería do hospital para coller un bocadillo no autoservicio e marcharse con el sen abonar o seu custo nin esperar a cola para collelo.

Agora algúns están coa máscara por baixo do nariz e achégansenos a pedir nestas condicións a uns centímetros, cando a distancia para gardar obrigatoria 1,5 metros.”

Ante iso requirimos informe a ese Concello, que xa nola remitiu. En dito informe sinalase o seguinte:

“El Inspector que suscribe, ██████████ con relación al escrito de queja presentado en el Registro Xeral da Valedora do Pobo por D^a ██████████ en el expediente ██████████ sobre la problemática de los gorrillas que operan en las inmediaciones del Hospital de Lugo, ha de informar lo siguiente:

Una de las preocupaciones de esta Jefatura es combatir la práctica ilegal de los aparcacoches, conocidos vulgarmente como "gorrillas", que tienen como área de acción las inmediaciones del HULA, estableciéndose dispositivos policiales, con el empleo de patrullas rotuladas y camufladas, para tratar de "sorprender" a estas personas realizando esta conducta, que básicamente consiste en "indicar con gestos a los conductores la localización de estacionamientos libres, solicitando a cambio cierta cantidad de dinero" y dar seguridad y tranquilidad en dicha zona.

Desde el mes de junio del año 2019, en el que asume la Jefatura del Cuerpo, se han empleado todos los medios necesarios para hacer frente a esta práctica ilegal, que se resumen en lo siguiente:

1ª.- Se ha denunciado a estas personas por infracción a la Ordenanza General de Circulación, así como al Reglamento General de Circulación, tanto por realizar acciones no autorizadas que ocasionen perturbaciones, molestias, peligro o perjuicio a los usuarios de la vía pública como por circular por la calzada habiendo zona peatonal.

2ª.- Se han denunciado por infracción a la Ley Orgánica de Protección de la Seguridad Ciudadana por desobediencia a los agentes de la autoridad, después de haber quebrantado la orden de no realizar estas prácticas, emitida por escrito en oficio de requerimiento formal.

3ª.- Han sido denunciados por un presunto delito de desobediencia a los agentes de la autoridad, con sentencia absolutoria de la Autoridad Judicial.

4ª.- Se ha comunicado a la Administración Autonómica, mediante informe, la identificación de estas personas, para el caso de que estuvieran recibiendo rentas básicas que pudieran ser motivo de rescisión de tal percepción al realizar esta práctica ilegal que desempeñan en el entorno del HULA.

5ª. - Se ha dado conocimiento a los Servicios Sociales de la Xunta y del Concello de Lugo sobre la situación de estas personas.

6ª.- Han sido denunciadas algunas de estas personas por infracción a la Ley de Salud de Galicia por no utilizar la mascarilla de protección.

En cuanto a lo que se hace constar en el escrito de queja sobre las "persecuciones, lesiones, acoso e intimidación", indicar que estas conductas son denunciadas en la Comisaría de la Policía Nacional, desconociendo el número y las intervenciones realizadas por dicho cuerpo policial, que es quien tiene la competencia.

Por último indicar que, a día de hoy, se siguen estableciendo dispositivos policiales para dar seguridad en la zona y denunciar este tipo de conductas infractoras.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Tal e como informa o Concello de Lugo, son coñecedores da situación que se ven a denunciar na presente queixa, e no seu informe relatan toda unha serie de actuacións que se veñen levando a cabo pa tratar de solucionar o problema.

Unha vez recibido o informe da Administración e postos en contacto con os demandantes confírmannos que a data de hoxe inda seguen a producirse os comportamentos antes descritos.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Lugo a seguinte,

SUXESTIÓN:

“ Faise necesario que na medida das posibilidades do Concello, e mentres non se arbitren outras solucións que requiran de dotación presupostaria para dotar o aparcamento de infraestruturas coma valado perimetral e mesmo instalación de alumeado e ou instalacións de cámaras de vixilancia, se intensifiquen as medidas de vixilancia e control, alomenos durante as entradas e saídas dos traballadores do hospital nas distintas quendas de traballo.”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradézolle a súa confianza e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)